

LIMIAR

O Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI) da Universidade de Vigo foi creado no ano 2005 froito dunha colaboración entre esta universidade e a Xunta de Galicia. Foi inaugurado o 9 de outubro de 2009 e dende entón ven prestando servizo á comunidade investigadora do Campus de Ourense. Este centro ubícase no Parque Tecnolóxico de Galicia, entidade participada pola Universidade de Vigo, coa finalidade de reforzar a colaboración existente entre ambas institucións.

O día 8 de febreiro de 2012 a Universidade de Vigo aprobou en Consello de Goberno a “Normativa de Centros de Apoio á Investigación” cuxa función sería “prestar apoio instrumental, científico e tecnolóxico en tódolos ámbitos de coñecemento nas labores de investigación, desenvolvemento e innovación que se realicen na Universidade de Vigo, outros organismos públicos de investigación e empresas, proporcionando equipos e instalacións cuxa especificidade, alto nivel tecnolóxico ou custo fan aconsellable a súa adquisición e mantemento de xeito centralizado” (art. 1). No anexo desta mesma normativa incluíronse os nomes dos centros existentes na Universidade de Vigo aos que se lles aplicaba automaticamente esta normativa, entre os cales figuraba o CITI.

Segundo esta normativa a organización deste tipo de centros será a seguinte: un director ou directora, unha comisión xestora, os diferentes servizos e/ou unidades e o persoal de administración e servizos que traballen no centro (art. 4). Entre as misións asignadas á Comisión Xestora está a de “Elaborar e actualizar unha normativa de funcionamento interno e elevala ao Consello de Goberno para a súa aprobación, previo informe da Comisión de Investigación” (art. 6).

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Art. 1. Concepto

O CITI configúrase como un centro de apoio á investigación, adscrito á Vicerreitoría de Investigación, que ten como obxectivo servir de soporte instrumental, científico e tecnolóxico ás labores de investigación, desenvolvemento e innovación que se realicen na Universidade de Vigo, principalmente, nos ámbitos agroalimentario, biotecnolóxico, enerxético, medio ambiental e das tecnoloxías da información.

Art. 2. Funcións

Serán funcións fundamentais do CITI as seguintes:

- a) Favorecer a creación e consolidación de grupos de investigación que poidan resultar cada vez máis competitivos, facilitándolles apoio para a busca de socias ou socios, redacción de proxectos e difusión de resultados de investigación.
- b) Explotar o seu equipamento centralizado, ofrecéndoo tanto aos grupos de investigación do CITI como ao resto de grupos da Universidade e a outras entidades públicas e privadas.
- c) Establecer vínculos con outras universidades, empresas, entes de financiamento e centros de investigación nacionais e internacionais a fin de promover o desenvolvemento de proxectos de investigación.
- d) Contribuir a difusión do coñecemento no seu ámbito de influencia, dando a coñecer os resultados de investigación dos grupos de investigación e organizando e patrocinando eventos científicos.

CAPÍTULO II. ESTRUCTURA

Artigo 3. Organización

O CITI estará integrado por un director ou directora, unha Comisión Xestora, os grupos de investigación con presenza no mesmo e o persoal de administración e servizos destinados no seu centro.

Artigo 4. A directora ou director

A directora ou director do CITI será nomeada/o polo Reitor ou Reitora, informado o Consello de Goberno, entre o persoal con titulación superior, doutor con vinculación permanente á Universidade de Vigo. Para o seu cese seguirase o mesmo procedemento que para o seu nomeamento.

O director ou directora será responsable do cumprimento dos fins para os que se constituíu o centro destacando, entre as súas funcións, as seguintes:

- a) Ostentar a representación do centro.
- b) Exercer a dirección e xestión ordinaria do mesmo.
- c) Orientar os usos do centro e realizar as tarefas de interlocución cos seus usuarios e usuarias.
- d) Establecer e determinar as necesidades de medios, tanto humanos como

materiais, para o correcto funcionamento do centro.

- e) Impulsar e fomentar as relacións do CITI coas institucións, cos organismos públicos e coas empresas para promover a rendibilidade científica dos investimentos.
- f) Desenvolver iniciativas que contribúan ó financiamento parcial dos custos de funcionamento do CITI, en particular con recursos externos á Universidade de Vigo.
- g) Elaborar unha memoria anual, económica e de actividades, e sometela á aprobación do Comisión Xestora, para a súa remisión á Vicerreitoría de Investigación.
- h) Executar o orzamento do Centro.
- i) Aquelas outras que lle poidan ser conferidas pola regulamentación vixente.

Artigo 5. A Comisión Xestora

A Comisión Xestora ten como finalidade o seguimento e control da calidade das prestacións do Centro. Será elixida pola Comisión de Investigación, informando ao Consello de Goberno.

A Comisión Xestora estará integrada polo director ou directora, que exercerá a presidencia da Comisión, unha persoa representante de cada un dos grupos de investigación con presenza no centro, unha técnica ou técnico destinado no centro e unha persoa representante da oficina de proxectos. A Comisión Xestora elixirá entre as persoas que a compoñen ao secretario ou secretaria da mesma por maioría absoluta.

A Comisión Xestora deberá reunirse polo menos unha vez ao trimestre ou cando a directora ou director a convoque e, en todo caso, cando así o soliciten un vinte por cento das persoas que a integran. Dita solicitude farase por escrito e conterà os asuntos a tratar que serán incluídos na orde do día. O seu funcionamento rexérase polas normas que se aproben no seu seo.

As convocatorias das reunións da Comisión Xestora efectuaranse por parte do secretario ou secretaria por correo electrónico cunha antelación mínima de 48 horas.

As competencias da Comisión Xestora son as seguintes:

- a) Elaborar e actualizar a normativa de funcionamento interno e elevala ao Consello de Goberno para a súa aprobación, previo informe da Comisión de Investigación.
- b) Facer propostas en relación coa asignación de espazos no CITI e propoñer as tarifas para a utilización de equipamentos, para a súa aprobación na

Comisión de Investigación e no Consello de Goberno cando proceda.

- c) Establecer os criterios para a organización de actividades e para a utilización dos medios experimentais do CITI.
- d) Elaborar propostas para acadar financiamento externo para o CITI.
- e) Propoñer melloras nas prestacións e no funcionamento do CITI e modificacións na súa estrutura.
- f) Velar pola calidade, independencia, imparcialidade e confidencialidade (se se require) das actividades do CITI.
- g) Resolver os conflitos que poidan derivarse do uso incorrecto dos espazos, instrumentación común, recursos humanos adscritos ao CITI e instalacións.
- h) Impulsar e fomentar as relacións coas Institucións, Organismos Públicos e Empresas para promover a rendibilidade científica dos investimentos.
- i) Aprobar a memoria anual, económica e de actividades elaborada pola dirección.
- j) Velar polo cumprimento desta normativa.
- k) Aprobar a planificación anual das liñas de actuacións prioritarias.

CAPÍTULO III. FUNCIONAMENTO E UTILIZACIÓN

Artigo 6. Espazos e equipamento

O CITI está estruturado, en canto á súa utilización, nas seguintes unidades:

- a) Unha planta piloto, dotada de diverso equipamento científico.
- b) Unha oficina de proxectos, que ofrece apoio e asesoramento aos grupos do CITI e ao resto da comunidade universitaria.
- c) Un conxunto de espazos para a investigación, cedidos temporalmente a grupos de investigación ou empresas.
- d) Outras zonas comúns como: sala de reunións, cafetería e plantas técnicas.

No Anexo I detállase mais polo miúdo as características dos diferentes espazos.

Cando as necesidades así o aconsellen esta estrutura poderá ser modificada, previa aprobación da Comisión de Investigación, a proposta da Comisión Xestora.

Artigo 7. Cesión de espazos a grupos de investigación da Universidade de Vigo

Os laboratorios de investigación poderán cederse a grupos de investigación da Universidade de Vigo. Será a Comisión de Investigación a que estableza as bases para adxudicación de peticións de novos espazos. Esta cesión será por 3 anos renovables, e o Centro formalizará un convenio cos grupos de investigación no que se tipificarán os acordos específicos para a utilización, contraprestacións económicas e criterios de renovación. En casos excepcionais e debidamente xustificadas a duración da cesión poderá variar.

A cesión dos laboratorios leva aparelado o uso en exclusiva do espazo asignado por parte do persoal do grupo mencionado na solicitude e o dereito de acceso as áreas comúns do centro.

Previa motivación razoada a Dirección, consultada a Comisión Xestora, pode interromper o uso e disfrute das instalacións se este non se adapta ao funcionamento e obxectivos do CITI ou se existe unha infrautilización prolongada no tempo dos espazos cedidos aos grupos.

Artigo 8. Cesión de espazos a outros grupos de investigacións ou para outros fins

Ademais do seu uso por parte dos grupos de investigación da Universidade de Vigo, os laboratorios de investigación poderán ser cedidos a outros investigadores ou investigadoras externos, empresas ou mesmo para outros fins diferentes. Será a Comisión de Investigación a que estableza as bases para adxudicación de peticións de novos espazos.

Para a cesión de espazos a investigadoras e investigadores de outras institucións esixirase a sinatura dun convenio específico de colaboración entre dita institución e a universidade de Vigo no que se definan os termos e o alcance das actividades que se levarán a cabo.

Artigo 9. Uso dos equipos da planta piloto e o laboratorio complementario

Os equipos localizados na planta piloto poderán ser empregados polos investigadores ou investigadoras do CITI, da Universidade de Vigo ou de calquera outra entidade, pública ou privada, respectando as normas de utilización establecidas.

Para xestionar o seu uso empregarase un sistema de reservas previas e as usuarias e usuarios deberán abonar as tarifas de uso aprobadas polo órgano competente. Os usuarios e usuarias serán responsables dos danos producidos por un mal uso dos equipos.

CAPÍTULO IV. XESTIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS E FUNCIONAMENTO ADMINISTRATIVO

Artigo 10. Orzamento

O CITI terá un orzamento de xestión económica propia, para o que se asignará unha aplicación orzamentaria na que se poida reflectir os ingresos e gastos derivados da súa actividade.

Artigo 11. Gastos de mantemento

Os gastos de mantemento das instalacións e equipos do CITI necesarios para o seu correcto funcionamento serán sufragados con cargo ás súas aplicacións orzamentarias.

Os custos xerados polo uso das infraestruturas do CITI cubriranse cunhas tarifas baseadas en criterios obxectivos de custe e á condición de persoa usuaria. Para isto último defínense tres categorías:

- I. Usuario/a da Universidade de Vigo
- II. Usuario/a externo de institución pública sen ánimo de lucro
- III. Usuario/a externo do sector privado

Ditas tarifas serán aprobadas anualmente polo Consello de Goberno, á proposta da Comisión de Investigación.

A Comisión de Investigación poderá autorizar rebaixas nestas tarifas para os grupos de investigación con presenza no centro así como para usos continuados das mesmas.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

1. Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte de ser aprobada polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo
2. As usuarias e os usuarios do CITI deberán mencionar na súas publicacións a súa asociación ao mesmo e enviar unha copia electrónica da mesma para o seu arquivo no Centro
3. No momento da aprobación desta normativa os laboratorios do CITI están ocupados polos grupos indicados no Anexo II. Dita asignación de espazos deberá ser confirmada coa sinatura do correspondente convenio antes de transcorridos 6 meses.
4. Esta normativa poderá ser modificada polo Consello de Goberno, tralo informe favorable emitido pola Comisión de Investigación, e á proposta da Comisión Xestora do CITI.

ANEXO I

ESPAZOS DO CITI

1. Planta piloto.
 - Sala rectangular de 240 m² dotadas dos servizos básicos de auga, gases, e climatización na que está instalado diverso equipamento científico.
2. Oficina de proxectos de I+D+i.
 - A oficina de proxectos, xunto co despacho de dirección e a Sala de Xuntas ocupan un espazo de 200 m², contan con climatización e rede de voz e datos, e están dotadas de diverso mobiliario.
3. Espazos para investigación:
 - Tres laboratorios modulares de 200 m² que poden ser de uso exclusivo ou compartido entre varios grupos de investigación. Cada laboratorio modular atópase completamente amoblado e cos servizos básicos de auga, gases, climatización e rede de voz e datos.
 - Catro laboratorios modulares de 100 m² que poden ser de uso exclusivo ou compartido entre varios grupos de investigación. Cada laboratorio modular atópase completamente amoblado e cos servizos básicos de auga, gases, climatización e rede de voz e datos.
 - Dúas salas de 200m² con rede de voz e datos e con paneis de división móbiles. Actualmente están divididos en 4 espazos.
 - Sala escura de 45 m².
 - Laboratorio de seguridade microbiolóxica P3 de 200 m².
 - Animalario de 40 m².
4. Outras zonas comúns:
 - Sala de reunións.
 - Sala cafetería; que dispón de microondas, frigorífico, mesa e cadeiras.
 - Dúas cámaras de frío; unha de 4°C e outra -40°C.

ANEXO II

OCUPACIÓN DOS ESPAZOS DE INVESTIGACIÓN NO CITI

Actualmente a ocupación dos diferentes espazos de investigación que ofrece o CITI é a seguinte:

Módulo 1:

- 1º planta:
 - laboratorio do grupo Informática Gráfica (responsable: Javier Rodeiro Iglesias).
 - laboratorio do grupo Sistemas Informáticos de Nova Xeración (responsable: Florentino Fernández Riverola).
 - sala de catas xestionada por José Manuel Domínguez.
- 2º planta: laboratorio do grupo Informática Aplicada (responsables: Arno Formella e Juan Carlos González Moreno).
- 3º planta:
 - oficina de proxectos de I+D+i.
 - despacho do director do centro.
 - sala de xuntas do CITI.

Módulo 2:

- 1ª planta:
 - laboratorio complementario á planta piloto.
 - laboratorio do grupo Termofísica (responsable: Luis Romaní Martínez).
- 2ª planta: planta técnica do módulo 2.
- 3ª planta: laboratorio de seguridade microbiolóxica P3 do grupo Microbioxía (responsable: Luis Alfonso Rodríguez López).

Módulo 3:

- 1ª planta: laboratorio do grupo Biotecnoloxía Agroalimentaria (responsable: José Manuel Domínguez González).
- 2ª planta: planta técnica do módulo 3.
- 3ª planta: laboratorio do grupo Investigacións Agroambientais e Alimentarias (responsable: Manuel Arias Estévez).

Módulo 4:

- 1ª planta:
 - laboratorio do grupo Valorización de Biomasa (responsable: Gil Garrote Velasco).
 - laboratorio do grupo Seguridade Alimentaria e Toxicoloxía Ambiental (responsable: Mª Anunciación Lafuente Giménez).
- 2ª planta: planta técnica do módulo 4.
- 3ª planta: laboratorio do grupo Enxeñaría Química (responsable: Jose Luis Alonso González).

	MÓDULO 1			MÓDULO 2		MÓDULO 3	MÓDULO 4	
PLANTA 3	Administración (Oficina de proxectos, despacho director e sala de xuntas)			Microbioloxía (Responsable: Luis Alfonso Rodríguez López)		Edafoloxía e Química Agrícola (Responsable: Manuel Arias Estévez)	Enxeñaría Química (Responsable: José Luis Alonso)	
PLANTA 2	Informática aplicada (Responsable: Arno Formella)			Planta técnica 2		Planta técnica 3	Planta técnica 4	
PLANTA 1	Informática gráfica (Responsable: Javier Rodeiro)	St. Informát. Nova Xeración (Responsable: Florentino Riverola)	Sala de catas (Responsable: José Manuel Domínguez González)	Laboratorio Complementario (espazo común CITI)	Termofísica (Responsable: Luis F. Romaní Martínez)	Biotecnoloxía Agroalimentaria (Responsable: José Manuel Domínguez González)	Valorización de biomasa (Responsable: Gil Garrote Velasco)	Seguridade alimentaria e toxicoloxía (Responsable: Anunciación Lafuente)
PLANTA 0	Lab. Experimentación de informática Gráfica (Responsable: Javier Rodeiro)	Animalario (Responsable: Anunciación Lafuente)	Cámaras de frío	Mantemento				

PLANTA PILOTO (espazo común CITI)